



Circular ás familias

Asunto: Campaña de limpeza

Co fin de fomentar nos alumnos bos hábitos de conduta, deseñamos unha CAMPAÑA VOLUNTARIA DE LIMPEZA.

O alumnado baixará ao patio durante **unha única sesión de titoría no curso**, o que supón non perder horas de materias de estudo, para recoller os papeis que quedan espallados polo chan tras os recreos. Estarán sempre acompañados polo seu profesor.

Consideramos beneficiosa a campaña polos seguintes motivos:

- Os alumnos fanse conscientes do esforzo que lles supón ás persoas recoller o que outros tiraron.
- Gozan dos beneficios dun centro limpo e coidado.
- Implícanse en tarefas que hai que facer de forma cooperativa e por un ben común.
- Créase neles o rexeitamento a actitudes que supoñan deterioro dos recintos comúns
- Mellora a súa educación, e, en definitiva, a súa maneira de convivir en situacións alleas ao instituto.

Agora ben, é posible non estar de acordo con que o seu fillo participe na campaña. Neste caso deberán comunicarllo ao titor. Estes alumnos permanecerán a esa hora na aula realizando tarefas propias de titoría en compañía dun profesor.

Agradecéndo-lles de antemán a súa colaboración, saúdalles atentamente

Culleredo, 04-04-2018

Carmen Rodríguez-Trelles Astruga

Directora